

SAFARI FOTOGRÁFICO

1º PREMIO: EVITALO TAMÉN ESTA NAS NOSAS MANS!

A idea ocorréuseme bastante rápido. Pensei que podía relacionar a contaminación cos cinco sentidos, a pesares de que nas fotografías que entreguei ao final non utilizaba nin o gusto nin o olfacto dado que non cadaban ben. En lugar diso, quería que a persoa que vira as fotos se decatase da importancia de manter o medio para facer posible a vida no futuro e de que se todos nós poñemos cada un o noso gran de area, podemos evitar o desastre. Posto que me estaba a referir á contaminación que producíamos cada un de nós, e non á producida polas grandes empresas, fotografei imaxes que facían referencia á nosa vida cotiá coma o fume do tabaco, a contaminación de espazos como consecuencia de actividades de mercado ou a contaminación acústica que se produce en lugares con grandes aglomeracións de persoas, coma unha cafetería ou nos pubs pola noite. Pode parecer que a contaminación acústica non é relevante, pero é causa de innumerables dores de cabeza e outras enfermidades, algunhas bastante graves.

Pensei en poñerlle texto ás fotos porque, a pesares de que unha imaxe por si soa xa é bastante contundente, conseguíase unha comunicación máis directa engadindo un texto na imaxe.

Corrixindo erros e malos hábitos da nosa vida cotiá podemos evitar danar o noso medio ambiente e contribuír a unha sociedade máis saudable.

DAVID MÉNDEZ MARTÍNEZ, S3C

2º PREMIO CONCURSO

No instituto houbo un concurso de fotografía . Enterámonos na miña clase polo profe de mates que nos avisou. Había que sacar cinco fotos relacionadas con lixo vertido no noso entorno; dúas fotos tiñan que ser sacadas dentro do recinto do instituto e tres fóra.

Así que decidín participar.

As fotos de dentro xa sabía cales ían ser: unha era dun pupitre que vira tempo atrás e tiña pegado unha morea de chicles por debaixo, outra un lavadouro cheo de plástico. O máis complicado eran as de fóra, pero sabía de algúns sitios preto da miña casa que podería valer:

- ' 'Durmir no lixo « é a foto dunha cama abandonada nun solar que está na miña rúa.

- ' 'Montón de ferralla« estaba tamén moi preto da anterior. Pero a terceira foto xa era máis complexa... e recordei que cando ía na bici dando unha volta no camiño a Garea había sempre moitos vertidos ao lado da estrada, e de novo fixen este percorrido, e desta vez atopeime con que nun prado había moitas botellas de cervexa tiradas, como se se fixera un macrobotellón e así surxiu a foto de ' 'posme un quinto«. E con todo este material fun ao concurso das fotos.

XÁCOME LAYA SÁNCHEZ, S1B

